

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba e pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) e do corpo de profesores de música e artes escénicas (594) (código de procedemento ED003A)

Mediante Resolución do 21 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia correspondente ás seguintes especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) e do corpo de profesores de música e artes escénicas (594) (código de procedemento ED003A)

a) Corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593)

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
593001	Acordeón
593003	Arpa
593009	Clave
593014	Contrabaixo
593092	Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco
593095	Instrumentos históricos de corda fretada
593102	Viola da gamba

b) Corpo de profesores de música e artes escénicas (594)

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
594401	Acordeón
594402	Arpa
594417	Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco
594420	Órgano
594444	Dicción e expresión oral
594461	Baixo eléctrico
594463	Guitarra eléctrica



Mediante resolución do 25 de setembro de 2023 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse e publicouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no citado procedemento.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base oitava da citada convocatorias.

En consecuencia, esta dirección xeral,

Resolve:

Primeiro. - Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas anteditas especialidades.

Segundo. Declarar deserto o procedemento para as seguintes especialidades polos motivos que se describen:

a) non constar presentada ningunha solicitude de participación: No que atinxe ás especialidades de Acordeón (593001), Arpa (593003) e Viola da Gamba (593102) do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) e ás especialidades de Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco (594417) do corpo de profesores de música e artes escénicas (594).

b) non constar admitida ningunha solicitude de participación: No que atinxe ás especialidades de Clave (593009) e Instrumentos de Corda Pulsada do Renacemento e Barroco (593092) do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) e á especialidade de Órgano (594420) do corpo de profesores de música e artes escénicas (594).

Terceiro.- De acordo co disposto na base oitava da convocatoria pola que se acordou a apertura deste procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, formular un recurso de reposición que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "recurso de reposición", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación,



Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

